



Concello de Castroverde

BASES CONCURSO “II CERTAME DE POESÍA”

PRIMEIRA:

O Concello de Castroverde convoca o *II Certame de Poesía* co gallo do Día das Letras Galegas de 2022.

A finalidade do certame de poesía é fomentar o uso e o prestixio da lingua galega, así como a de dinamizar o uso escrito do galego a través da expresión artística e a creatividade.

SEGUNDA:

As obras deberán presentarse na modalidade literaria de poesía e deberán estar escritas de maneira íntegra en lingua galega.

Os poemas serán orixinais, inéditos e non premiados noutros certames. O tema será libre a elección das persoas participantes.

Poderán participar no certame todas as persoas de calquera idade que así o desexen.

TERCEIRA:

Haberá un premio de 100 € por cada categoría.

As categorías serán as seguintes:

- Categoría infantil (ata 12 anos)
- Categoría xuvenil (de 13 a 17 anos)
- Categoría adulta (de 18 anos en adiante)

CUARTA:

Para poder participar neste certame deberá presentarse a seguinte documentación:

Os participantes das categorías infantil e xuvenil deberán presentar por parte do pai, nai ou titor/a legal o seguinte:

- **Anexo I destas bases debidamente cuberto.**
- **O poema co que participan no certame.**

Os participantes da categoría de adultos deberán presentar o seguinte:

- **Anexo II destas bases debidamente cuberto.**
- **O poema co que participa no certame**

Só se poderá presentar unha única obra por participante.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 99MPSKT2QP5TRFNPKLNGYX6Q | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello de Casto Verde

Características das obras:

- Estar escritas integramente en lingua galega.
- Os textos deberán ser presentados mecanografados por unha soa cara, interliñado de 1,5, con formato de fonte Times New Roman, tamaño 12 e como máximo a extensión seguinte dependendo da categoría na que se presenten:
 - Categoría infantil: máximo 40 versos.
 - Categoría xuvenil: máximo 60 versos.
 - Categoría adulta: máximo 80 versos.
- As follas deberán estar numeradas e sen asinar.
- Cada obra levará no seu encabezamento o título da mesma e un lema.
- Non é obrigatorio que as estrofas teñan rima.

Os poemas presentados que non cumpran cos requisitos sinalados anteriormente quedarán fora do concurso.

A documentación arriba indicada poderá presentarse de maneira presencial nas oficinas do concello ou a través do correo electrónico info@concellodecastoverde.com (neste caso deberase chamar ó concello para confirmar a súa recepción).

O prazo de presentación remata o martes día 17 de maio.

QUINTA:

O xurado estará composto por persoas especializadas en materia lingüística cuxa identidade será revelada o día do fallo das persoas gañadoras do certame.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

O xurado valorará as obras segundo os seguintes criterios:

- *O orixinalidade da obra:* O conxunto do título, o discurso a estética e a retórica concordan de forma que o poema percíbese como creativo.
- *Riqueza poética:* Bo manexo dos recursos do estilo, mostra destreza nas figuras retóricas xa sexan simples ou complexas.
- *Claridade da mensaxe:* O autor logra transmitir determinado ánimo á mensaxe a través da súa obra ó lector sexa hermético ou claro.
- *Ritmo:* non se perde a noción de musicalidade na pronunciación do mesmo independentemente do tipo de rima ou estrofa.
- *A ortografía:* todas as palabras están escritas de forma correcta, sen faltas de ortografía.

SEXTA:

Unha vez valorados todos os poemas participantes no certame o xurado emitirá o fallo e publicaranse as obras gañadoras xunto co nome do autor da mesma na

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

páxina web (www.concellodecastroverde.gal) así como tamén no perfil de facebook do Concello de Castroverde.

O xurado resérvase a decisión de publicar ou non o resto de obras participantes no certame.

Os gañadores do certame tamén serán avisados por vía telefónica.

SÉTIMA:

O premio terá que ser invertido en un ou varios dos establecementos do concello de Castroverde, é dicir: comercios, bares-restaurantes, hostais, casas rurais, ou de calquera outro tipo sempre e cando sexa negocio comercial e estea situado no noso concello. Deberá xustificarse entregando no concello de Castroverde 1 ticket/ factura (ou varios) de compra que sumen polo menos o importe do premio obtido.

O prazo que terán os gañadores para investir e xustificar o premio será de un mes dende que se lles comunique por vía telefónica que foron premiados.

Unha vez se xustifique dentro do prazo establecido o concello aboará á persoa gañadora o importe correspondente do premio obtido a través dunha transferencia ó número de conta que indicou na solicitude.

OITAVA:

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a decisión que determine o xurado e a cesión a favor do Concello de Castroverde por parte dos concursantes dos dereitos de reprodución, comunicación, distribución, transformación e divulgación pública sobre as obras así como da publicación da identidade dos autores das mesmas.

Cada participante responderá sobre a validez dos seus actos, é dicir, o incumprimento dos participantes en calquera dos puntos destas bases exime de responsabilidades ós membros do xurado e á organización deste certame.

A organización poderá introducir, si o cree necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do certame.

Asdo.: M^ª Pilar Ferreiro Villar
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 99MPSKT2QP5TRFNPKLN6GYX6Q | Corrección: <https://concellodecastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



Concello de Castroverde

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA AS CATEGORÍAS INFANTIL E XUVENIL “II CERTAME DE POESÍA”

Don/a.....con DNI.....
como pai, nai ou titor/a de.....
domicilio.....
telefono/s.....
e correo electrónico (opcional).....
- Autorizo a (nome e apelidos do menor)
con data de nacemento/...../..... a participar no **II CERTAME DE POESÍA** organizado polo
concello de Castroverde na categoría (marcar o que proceda):

Categoría infantil (ata 12 anos)

Categoría xuvenil (de 13 a 17 anos)

Autorizo ó Concello de Castroverde á publicación da obra que se presenta coa indicación do nome e
apelidos do/a menor tanto na web como no perfil de facebook do Concello de Castroverde

Acepto tamén todo o establecido nas bases deste certame.
(necesario marcar os 2 recadros anteriores para participar no certame)

No caso de ser beneficiario/a do premio do certame autorizo a que se faga o ingreso do premio, unha vez
presente a xustificación a través de ticket/s ou factura/s nas oficinas do concello, no seguinte número de
conta:

IBAN:

--	--	--	--	--	--

Castroverde.....de.....de 2022

Asdo:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castroverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do “I Certame de Poesía” organizado polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, DEPORTE, EDUCACIÓN E XUVENTUDE DO CONCELLO DE CASTROVERDE

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 99MPSKT2QP5TRFNPKLNGYX6Q | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



Concello de Castrolverde

ANEXO II

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA CATEGORÍA ADULTOS “II CERTAME DE POESÍA”

Don/a.....con DNI.....
data de nacemento
domicilio.....
telefono/s.....
e correo electrónico (opcional).....

- Solicito participar no **II CERTAME DE POESÍA** organizado polo concello de Castrolverde na **CATEGORÍA DE ADULTOS (de 18 anos en adiante)**.

Autorizo ó Concello de Castrolverde a publicación da obra que presento xunto co meu nome e apelidos tanto na web como no perfil de facebook do Concello de Castrolverde

Acepto tamén todo o establecido nas bases deste certame.
(necesario marcar os 2 recadros anteriores para participar no certame)

No caso de ser beneficiario/a do premio do certame autorizo a que se faga o ingreso do premio, unha vez presente a xustificación a través de ticket/s ou factura/s nas oficinas do concello, no seguinte número de conta:

IBAN:

--	--	--	--	--	--

Castrolverde.....de.....de 2022

Asdo.:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castrolverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castrolverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do “I Certame de Poesía” organizado polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/info.0>

SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, DEPORTE, EDUCACIÓN E XUVENTUDE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 99MPSKT2QP5TRFNPKLNGYX6Q | Corrección: https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5